



18 JUL 2016

SECRETARIA

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS que, como lei fundamental do contrato, rexerá na contratación para adxudicar, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, obras de "Mellora da pavimentación dun camiño entre os núcleos rurais de O Remesal e Casas Novas. Plan Marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016".

1º.- OBXECTO DO CONTRATO.- O contrato será para a realización da obra contemplada no proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola municipal de " Mellora da pavimentación dun camiño entre os núcleos rurais de "O Remesal" e "Casas Novas", tratándose dun contrato de obra.

O referido investimento está subencionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), de conformidade coa resolución emitida de data 07/06/2016, RE. nº 5279 de 14/06/2016, pola contía total en Obra Civil de 65.120,44€.

No expediente figura solicitude de data 04/07/2016, RS nº 2455, para autorización de realización do proxecto ao Servizo de Montes - Consellería do Medio Rural e do Mar-, dado que, de conformidade co informe de viabilidade do técnico, son obras de conservación e mantemento dun vial en solo rústico de especial protección. A autorización solicitada deberá constar no expediente antes de formalizar a adxudicación da obra.

Dado que a execución dos investimentos vinculados ao proxecto subvencionado e para a xustificación dos gastos será a data límite de 30/09/2016, é necesario proceder á declaración de urxencia, tal e como se especifica na cláusula 4ª do presente prego.

2º.- NECESIDADES A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO.- As indicadas no proxecto técnico redactado ao efecto.

3º.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- O contrato tramitarase por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación.
Se emite Providencia da Alcaldía aos efectos de iniciación da contratación.

4º.- DECLARACIÓN DE URXENCIA.- Se emite providencia da Alcaldía a efectos de declaración de urxencia do procedemento de licitación, dado que segundo a documentación que obra no expediente, a achega concedida por AGADER ten un prazo de xustificación de 30/09/2015 e dado que se vai tramitar mediante procedemento aberto, cómpre a declaración de urxencia e redución de prazos á metade para que o investimento se poida xustificar a esa data.

5º.- ORZAMENTO DO CONTRATO.-

Orzamento base: 65.675,79€, incluído gastos xerais e beneficio industrial.

IVE 21% : 13.791,92€

Orzamento total: 79.467,71€.

5º.- PRAZO DE EXECUCIÓN.- De conformidade co proxecto técnico o prazo de execución será de 30 días a partir da sinatura do acta de comprobación de replanteo e inicio das obras.

6º.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO.- De conformidade coa certificación de existencia de crédito emitida pola Intervención municipal o contrato irá con cargo á partida



18 JUL. 2016

A SECRETARIA

EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

2016/1/453/61022/01 do orzamento en vigor, mediante achega concedida por AGADER para Obra Civil de 65.120,44€, subvención Plan Marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016".

7º.- PAGAMENTO DO PREZO DA ADXUDICACIÓN .- O pagamento do prezo de adxudicación efectuarase mediante a presentación de factura e certificación de obra dos traballos executados, asinada polo técnico director das obras, que serán aprobadas polo Órgano competente do Concello de Tui.

A factura deberá incluír, sen prexuízo do contido mínimo establecido no Real Decreto 1619/2012, os seguintes datos:

- Identificación do órgano de contratación: Xunta de Goberno Local. Código DIR 3 LO 1360558.
- Identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade Pública: Concellería de Facenda – Departamento de Intervención. Código DIR 3 LO 1360558.
- Identificación do destinatario: Alcalde. Concello de Tui; C.I.F: P/3605500-B; Dirección: Praza do concello nº1 CP 36700. Código DIR 3 LO 1360558.

8º.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das corporacións locais, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en adiante (TRLCSP).
- Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se contradiga co TRLCSP.
- Demais normativa aplicable que non se atope derogada polo TRLCSP.
- Así mesmo, o referido contrato rexerese polo establecido no proxecto técnico aprobado, autorizacións sectoriais emitidas e o presente prego de cláusulas, que terán a natureza de documentos contractuais.

9º.- CLASIFICACIÓN.- Pola contía do contrato non se esixe clasificación. Os que presenten quedarán exentas de acredita-la solvencia económica-financeira e técnica, de conformidade co TRLCSP.

10º.- ORGANO DE CONTRATACIÓN.- O órgano competente para contratar é o Alcalde, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do TRLCSP, por canto a contratación non excede do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin é superior ós catro anos. Facultade que, en virtude de Decreto de data 22 de xuño de 2015, é delegada en Xunta de Goberno Local.

11º.- GARANTÍA PROVISIONAL.- Non se esixe.

12º.- GARANTÍA DEFINITIVA.- Equivalente ó 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.

13º.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS.- A documentación para as licitacións presentaranse en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que



18 JUL. 2016

SECRETARIA

concorren e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre se fará constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

Os sobres presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, nas oficinas de Secretaría, en horario de 9,00 a 14,00 horas de luns a venres e de 9,00 a 13,00 horas os sábados entregándolle xustificante da súa presentación..

De igual modo, as ofertas poderán ser presentadas por correo. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora do remate do prazo sinalado.

Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibir a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

14º.- FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS.- As propostas presentaranse en dous sobres numerados correlativamente:

A) SOBRE NÚMERO 1.- Conterá a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas leis:

De conformidade coa Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización (BOE 28/09/13), que introduce a través do seu Capítulo II. Medidas para impulsar a contratación pública con emprendedores e modificacións substanciais no texto refundido da Lei de contratos do sector público, que engade dous parágrafos 4 e 5 ao artigo 146 do TRLCSP, permitindo que só o proposto como adxudicatario aporte toda a documentación acreditativa da súa capacidade e solvencia para executar o contrato de que se trate, substituíndose no "sobre A" de tódolos licitadores por unha "declaración responsable". O obxectivo da medida é simplificar "a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos" co obxectivo de favorecer a participación das PYMES nos procedementos de contratación do sector público. Este novo sistema será obrigado para os contratos de obras de valor estimado inferior a 1.000.000€, e servizos e subministros inferiores a 90.000€ e potestativa para o órgano de contratación no resto de contratos.

En aplicación ao indicado anteriormente, a documentación que se incluírá no sobre A, será:

- *Declaración responsable segundo modelo que se acompaña (Anexo II).*

De conformidade co indicado anteriormente, a empresa que resulte ser adxudicataria deberá acreditar os seguintes aspectos en relación coa declaración responsable presentada, en caso de non acompañar a documentación xustificativa no sobre A:

Documentos acreditativos da personalidade xurídica: Os empresarios individuais, copia autenticada do DNI; os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polo que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.



18 JUL. 2016

A SECRETARIA

EXCMO. CONCELLO DE TUI
Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui
Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados Membros da Unión Europea se acreditará pola súa inscrición no rexistro precedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial no que radique o domicilio da empresa.

Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores se deberá incluír poder outorgado a favor de quen subscriba a proposición xunto cunha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade dos apoderados.

Documento de compromiso de constituír una Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal aportarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adjudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá estar asinado polo representante de cada unha das empresas e nel se expresará a persoa a quen designan representante da UTE ante a Administración para tódolos efectos relativos ó contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE.

Documentos acreditativos da clasificación.- Dado que se trata dun contrato de obra que non esixe clasificación, deberá acreditar a solvencia económico-financeira e técnica segundo os seguintes aspectos:

A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional do empresario acreditarase, a criterio do órgano de contratación, en función do obxecto do contrato, do seu importe e das súas características **por un ou varios dos medios seguintes:**

- Solvencia financeira:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnizacións por riscos profesionais .
- b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non teñan obriga de presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ó obxecto do contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida no que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.



18 JUL. 2016



^ SECRETARÍA

EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

- **Solvencia técnica e profesional:** A solvencia técnica e profesional acreditarase polos seguintes medios:

a) Relación das obras executadas no curso dos últimos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e se precisará de realizarse segundo as normas polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; no seu caso, ditos certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estén ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa, e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión medio ambientais que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

A acreditación de dispoñer dos datos relativos á personalidade xurídica e a capacidade de obrar poderá realizarse mediante a certificación da inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas.

- **Documentación adicional esixida a tódalas empresas estranxeiras.** As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato se execute en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdicional estranxeiro que poida corresponder ó licitante.

- **Domicilio:** Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e o número de teléfono e fax.

- **Empresas que teñan no seu cadro de persoal persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social.** Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 4ª do TRLCSP, deberán os documentos que acrediten que, ó tempo de presentar a súa proposición, ten no seu cadro de persoal un



18 JUL. 2016

SECRETARIA

número de traballadores con discapacidade superior ó 2 por 100 ou que a empresa licitadora está dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación a que se refire a disposición adicional 4ª do TRLCSP.

B) SOBRE NÚMERO 2.- Criterios cuantificables de forma automática.-

Conterá:

- **Oferta económica**, na que se expresará o prezo de execución do contrato. A oferta económica se presentará conforme ó *Anexo I*.
- **Redución do prazo de execución de obra, ata un máximo de 24 puntos.**
- **Creación dun prazo de mantemento, ata un máximo de 14 puntos.**
- **Incremento do prazo de garantía, ata un máximo de 12 puntos.**

15º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS E DEMAIS REQUISITOS DAS MESMAS.-

O prazo de presentación será de **TRECE DÍAS NATURAIS (URXENTE)** a contar dende a publicación do anuncio de licitación na *páxina web* do concello (*concellotui.org*) e no Boletín Oficial da Provincia.

As propostas dos interesados deberán axustarse ó previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, así como o proxecto técnico de obra, sen salvedade ou reserva ningunha.

As ofertas serán secretas e se arbitrarán os medios que garanten tal carácter ata o intre no que se proceda á súa apertura .

Cada licitador non poderá presentar máis de UNHA OFERTA, sen prexuízo da admisibilidade de variantes ou melloras cando se permita a súa presentación.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

16º.- ADXUDICACIÓN: De conformidade coa lexislación vixente, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato. A estes efectos fíxanse como criterios:

1.- CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

Proposición económica. Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 50 puntos. Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que propoñan o tipo establecido. Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valorados proporcionalmente, de acordo coa seguinte fórmula:



18 JUL. 2016

SECRETARÍA

EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui
Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

$$V_i = \left(\frac{B_i}{B_{\max}} \right) \times \text{valoración} - \text{outorgada} - \text{a} - \text{oferta} - \text{mais} - \text{vantaxosa.}$$

Sendo:

V_{in} : Puntuación da oferta i

B_i : baixa da oferta i . Donde $B_i = \text{Tipo} - O_i$; sendo Tipo o tipo da licitación e O_i é a oferta da empresa i .

B_{\max} : baixa da oferta máis favorable. $B_{\max} = \text{Tipo} - O_b$; onde Tipo é o tipo da licitación e O_b é a oferta económica máis baixa.

Melloras:

a. **REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA.-** O proxecto contempla un prazo de execución de 30 días. Proponse a valoración cun punto e medio (1,5) por cada día que se reduza dito prazo, cun máximo de vinte e catro (24) puntos por este aspecto, é dicir, dezaseis (16) días de prazo de redución, quedando un prazo de execución para a total tramitación das obras de catorce (14) días. De conformidade co proxecto técnico, cláusula 17 da memoria, o contratista estará na obriga de presentar coa oferta un programa de traballo diario que xustifique o prazo ofertado e reflecta con total claridade as obras a executar diariamente.

b. **CREACIÓN DUN PRAZO DE MANTEMENTO.** O proxecto non contempla un prazo de mantemento. Se valorará o mantemento da obra executada a base de limpeza de marxes, etc. con tres puntos e medio (3,5) por cada ano que se manteña, **cun máximo de (14) puntos por este aspecto**, é dicir, catro (4) anos a maiores, facendo un total de cinco (5) anos de mantemento.

c. **INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA.** O proxecto contempla un prazo de garantía de un (1) ano. Se valorará con seis (3) puntos por cada ano que se aumente dito prazo, cun máximo de vinte e catro (12) puntos por este aspecto, é dicir, catro (4) anos a maiores, facendo un total de cinco (5) anos de prazo de garantía.

2).- **CLASIFICACION DAS OFERTAS.-** De conformidade co art. 151 do TRLCSP, o órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas, por orde decrecente, atendendo ós criterios indicados anteriormente, e poderá solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes.

Criterios de desempate:

De acordo co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP, cando unha ou varias proposicións igualem, nos seus termos, á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, terán preferencia na adxudicación do contrato as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.



18 JUL 2016

SECRETARIA

17º.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.- Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

a).- Se o contrato debe adjudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento xeral da LCAP.

b).- Cando a adjudicación deba facerse tendo en conta máis de un criterio de adjudicación, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados. Se só existe unha oferta presentada, se considerará anormal ou desproporcional aquela inferior a un 25% do tipo de prezo de licitación.

18º.-CONFIDENCIALIDADE.- Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP, relativas á publicidade da adjudicación e á información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó realizar as propostas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e os aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

Do mesmo xeito, o contratista deberá respectar o carácter confidencial de aquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba tratarse como tal. Este deber manterase durante o prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

19º.- REVISIÓN DE PREZOS.- Dada a duración do contrato non cabe a revisión de prezos.

20º.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS.-

a). **Mesa de Contratación.** - A Mesa de Contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como secretario da mesa un funcionario do concello designado ó efecto.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- Presidente da Mesa: Alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue.
- Vogais: Interventor do Concello, ou funcionario en quen delegue.
Secretaria do Concello, ou funcionario en quen delegue.
O arquitecto técnico municipal.
O técnico municipal redactor do proxecto.
- Secretario da Mesa: Un funcionario/a do concello.



18 JUL. 2016

EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui
Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

^ SECRETARÍA

Para o caso que nos ocupa o órgano competente para contratar é o Alcalde, por canto a contratación non excede do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin é superior ós catro anos. Facultade que, en virtude de Decreto de data 4 de xullo 2011, é delegada en Xunta de Goberno Local.

A cualificación da documentación administrativa presentada a que se refire o artigo 146 do TRLCSP efectuarase pola Mesa de contratación constituída ó efecto, en sesión non pública. O Presidente ordenará a apertura dos sobres que a conteñan, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

b) Si se observasen defectos ou omisións que sexan subsanables na documentación presentada, comunicárase ós interesados, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou subsanen ante o órgano de contratación.

Do actuado quedará constancia no expediente.

c) Unha vez cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, declararanse admitidos á licitación ós licitadores que acreditasen o cumprimento dos requisitos previos indicados no artigo 146 do TRLCSP, facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

d) Rematada a fase anterior, se procederá á apertura, en acto público, do **sobre b) Criterios cuantificables de forma automática.**

A Mesa de Contratación emitirá proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

21º.- REQUIRIMENTO DA DOCUMENTACIÓN.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, presente a seguinte documentación xustificativa:

- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Tui, ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación dos mesmos, de dispoñer efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme á lexislación vixente.

- Ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

- Presentar a xustificación acreditativa dos requisitos indicados na licitación, sobre a "Documentación administrativa", aspectos que se fan constar na cláusula 14º deste prego.

(Os correspondentes certificados poderán expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos).



18 JUL. 2016

A SECRETARÍA

22º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.- Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos tres días hábiles seguintes á da recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que poida admitirse de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá motivarse e notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse no perfil do contratante da páxina web do concello e no Boletín Oficial da Provincia.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ó licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

* En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a proposta.

* Con respecto ós licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a oferta.

* En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que foi seleccionada a oferta de este con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores do conxunto das ofertas que se admitiron.

* Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo no que se debe proceder á súa formalización.

Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato.

Igualmente, cando se esixa ó adxudicatario que concerte algún tipo de seguro, antes da formalización do contrato, deberá aportarse a póliza correspondente.

23º.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.- A Administración e o contratista formalizarán o contrato dentro dos oito días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato administrativo poderá realizarse en Escritura Pública a petición do contratista e a súa costa.

A formalización dos contratos cunha contía igual ou superior ás cantidades indicadas no art. 154 do texto refundido publicarse no perfil do contratante do órgano de contratación e no Boletín Oficial da Provincia, indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio de adxudicación.

24º.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.- As indicadas no proxecto técnico aprobado así como as contempladas no presente prego .

As indicadas no proxecto técnico aprobado así como as contempladas na Resolución do 07/06/2016 de xustificación e pagamento dos investimentos subvencionables do Plan Marco, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural (Feader) , e as indicadas no presente prego.



18 JUL. 2016



SECRETARÍA

-O modelo de cartel será o que se indica no Programa Marco.

-Os tributos estatais, municipais e autonómicos que deriven do contrato.

Asumi-lo pagamento do IVE pola totalidade da obra realizada, IVE que se entenderá incluído no prezo de adxudicación.

-Os da formalización pública do contrato de adxudicación.

-Os importes do anuncio de licitación e de adxudicación, no caso de terse que publicar nalgún boletín oficial (BOP,DOG).

-Obrigas laborais e sociais. O contratista está na obriga do cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevencións de riscos laborais.

-O contratista está na obriga de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes (art. 64 do TRLCSP).

-O contratista está na obriga do cumprimento dos requisitos previos no art. 227 do TRLCSP.

-O contratista está na obriga de instalar ó seu custo as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á realización das obras.

-O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de Seguridade e Saúde no traballo.

- Os que se indiquen a maiores no proxecto técnico aprobado e no presente prego de cláusulas administrativas.

25º.- RESPONSABLE DO CONTRATO, DIRECCIÓN DA OBRA E DELEGADO DE OBRA.-

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 52 do TRLCSP.

O Director de obra que se designe polo órgano de contratación exercerá as funcións de dirección, inspección, comprobación e vixilancia necesarias para a correcta execución da obra contratada. O director das obras poderá estar auxiliado polo persoal que o órgano de contratación designe.

O Delegado de obra do contratista deberá ser un técnico titulado, con experiencia acreditada nas obras de similar natureza ás que son obxecto deste contrato.

26º.- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO.- A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación de replanteo e inicio das obras. A tales efectos, no prazo máximo de quince días, se ten natureza de contrato urxente, o un mes dende a data de adxudicación, agás en casos excepcionais xustificados, o servizo da administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito, extendéndose acta do resultado que será asinada por ambas partes.

O contratista está na obriga de cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.



27º.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE.- Formalizado o contrato o adxudicatario elaborará un Plan de Seguridade e Saúde no Traballo da obra, axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde ou no seu caso Estudio Básico de Seguridade e Saúde do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

En dito Plan se incluírán, no seu caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña coa correspondente xustificación técnica, que non poderá implicar diminución do nivel de protección previsto no Estudio.

En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo será de **quince días (urxente)** dende a adxudicación definitiva. Se, por incumprir o contratista os prazos indicados no parágrafo anterior non fose posible inicia-las obras ó recibir autorización para o inicio das mesmas, non poderá reclamar ampliación ningunha do prazo por este motivo.

28º.- PRAZOS.- O adxudicatario terá a obriga do cumprimento do prazo fixado para a realización do contrato, que comezará a contar para o adxudicatario a partir do día da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

29º.- RÉXIME DE PAGAMENTOS.- O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais dos traballos efectuados acompañada de factura, que se aboarán de conformidade co establecido nos arts. 216 e 232 do TRLCSP así como o establecido na resolución do 07 de xuño de 2016 pola que se aproba o Plan Marco: "mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020" e cláusula 7ª do presente prego.

30º.- PENALIDADES.- Imporanse penalidades ó contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a).- **Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ó contratista das seguintes penalidades.

- Como norma xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Neste caso poderá abranguer ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, no concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 212 do TRLCSP.

O incumprimento polo adxudicatario das condicións de execución poderán verificarse polo órgano de contratación en calquera intre durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da recepción das obras.

b).- **Por cumprimento defectuoso.** Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:



18 JUL. 2016



A SECRETARIA

- Se, ó tempo da recepción, as obras non se atopan en estado de recibilas por causas imputables ó contratista.

- Como norma xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, de se-lo caso poderán abranguer ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista das obrigas que legalmente lle incumben no que respecta á reparación dos defectos.

c).- Por demora. Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, se estará ó disposto no artigo 212 do TRLCSP no relativo á imposición destas penalidades.

31º.- SUBCONTRATACIÓN.- A subcontratación rexerese polo disposto no art. 227 do TRLCSP e na Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

32º.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO.- A recepción do contrato rexerese segundo o establecido no art. 235 do TRLCSP .

Ó tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- 1ª).- O despexe final das obras, debendo o contratista restituír a súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.
- 2ª).- O cumprimento non defectuoso do contrato.
- 3ª).- O cumprimento das condicións de execución.

33º.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.- Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no mesmo por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. En ningún caso poderá afectar ás condicións esenciais do contrato.

Aos citados efectos se estará ao disposto na Sección 2ª, artigo 234.

Non terán a consideración de modificacións do contrato as ampliacións do seu obxecto que non poidan integrarse no proxecto inicial mediante unha corrección do mesmo ou que consistan na realización dunha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente ou dirixida a satisfacer finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do contrato, que deberán ser contratadas de forma separada, podendo aplicarse, no seu caso, o réxime previsto para a contratación de prestacións complementarias se concorren as circunstancias previstas nos artigos 171 do TRLCSP.

Non obstante, serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que produzan aumento, redución ou supresión de unidades de obra ou substitución



18 JUL. 2016

EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui
Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

SECRETARÍA

dunha clase de fábrica po outra, cando esta sexa unha das comprendidas no contrato. No caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización.

As modificacións do contrato formalizaranse conforme ó disposto no art. 171, 219 e 156 do TRLCSP.

34º.- RECEPCIÓN E PRAZO DE GARANTÍA.-

De conformidade co art. 235 do TRLCSP, á recepción das obras ó seu remate e os efectos establecidos no art. 222.2 concorrerá o responsable do contrato a que se refire o art. 52, se se nomease, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contador a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas.

Se as obras se atopan en bo estado e conforme ás prescricións previstas, pola administración se dará por recibidas as obras, levantándose a correspondente acta e comezo entón do prazo de garantía.

Cando as obras non estén en estado de ser recibidas se fará constar así na acta e o director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido dito prazo o contratista non o houbese efectuado, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

O prazo de garantía, que en ningún caso poderá ser inferior a un ano dende a aprobación da recepción das obras, dado que se introduce como criterio de adxudicación valorable o **incremento do prazo de garantía**, será o que se ofrezca pola empresa adxudicataria como criterio de mellora.

Durante o prazo aplicarase o establecido no art. 167 do Regulamento xeral da LCAP no relativo ás obrigas do contratista, así como con respecto á facultade da administración de, en caso de incumprimento, executar á súa costa os traballos necesarios para a conservación da obra.

Tódolos gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía serán por conta do contratista, sen ter dereito a ningunha indemnización por este concepto. Exceptúanse os danos ocasionados na obra por forza maior, que serán soportados pola Corporación, se ben esta terá a facultade de esixir ó contratista que realice as obras de reparación.

35º.- LIQUIDACIÓN.- Transcorrido o prazo de garantía a que se refire a cláusula anterior, procederase á liquidación do contrato de conformidade co establecido no art. 179 do Regulamento xeral da LCAP.



36º.- DEMORA NA EXECUCIÓN OU INCUMPRIMENTO DO CONTRATO.- Estarase ó disposto no artigo 212 e concordantes do TRLCSP.

37º.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.- O contrato extinguirase por algunha das causas de resolución recollidas nos artigos 223 e 224 do TRLCSP.

38º.- XURISDICCIÓN COMPETENTE.- As cuestións litixiosas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato resolveranse polos órganos de contratación e as súas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía Contencioso-Administrativa, de conformidade coa referida lei.

Tui, 13 de xullo de 2016.

O ALCALDE

Asdo. Enrique Cabaleiro González.

DOCUMENTO APROBADO POR
RESOLUCIÓN DE ALCALDIA DE
DATA:

18 JUL. 2016



A SECRETARIA



ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don.....
maior de idade, veciño de con enderezo en
en nome propio ou da empresa a quen represente con
enderezo en
NIF: , conforme acreditado con Poder verificado, tendo coñecemento do
procedemento para a contratación da obra de ".....";
comprométese a realizalo de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares
e proxecto técnico así como demais documentación que corresponda, pola cantidade e euros
que se enumera a continuación:

Oferta económica

CANTIDADE EN LETRA

SEN IVE:
IVE:
TOTAL:

CANTIDADE EN NÚMERO

SEN IVE:
IVE:
TOTAL:

Para tódolos efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal,
senón tamén o importe do IVE, a teor do disposto no art. 25 do Real decreto 1.624/1992, do
29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica
como partida independente de conformidade co establecido no art. 145 do TRLCSP.

..... de de
(Lugar, data, sinatura e selo do licitador).

DOCUMENTO APROBADO POR
RESOLUCIÓN DE ALCALDIA DE
DATA:
18 JUL. 2016
SECRETARÍA